

PLAN DE CONTINXENCIA (anexo VI)

C.E.I.P. PLURILINGÜE DE CASTRELO

*MICROSOFTELABORADO SEGUINDO O PROTOCOLO DE ADAPTACIÓN AO
CONTEXTO DA COVID 19 NOS CENTROS DE ENSINO NON UNIVERSITARIO DE
GALICIA PARA O CURSO 2020/2021 (VERSIÓN 28-09-2020; ACTUALIZADA VERSIÓN
04/11/2020)*



ÍNDICE

1.- ACTUACIÓNS PREVISTAS DIANTE DA APARICIÓ DUN

ABROCHO2

2.-ACTUACIÓNS PARA O PERÍODO DE ACTIVIDADE LECTIVA

NON PRESENCIAL5

3.-MEDIDAS PARA O REINICIO DA ACTIVIDADE LECTIVA

PRESENCIAL9

ANEXO I : PLANIFICACIÓN HORARIA POR GRUPOS..... 12

ANEXO II. ENQUISA DE MEDIOS TELEMÁTICOS NOS

FOGARES..... 19



O Plan de Continxencia do CEIP Plurilingüe de Castrelo ten por finalidade establecer os procesos para o reinicio da actividade académica presencial no caso de que se vexa interrompida a suspensión da actividade lectiva como consecuencia da aparición dun gromo, corentena, confinamento ou peche do centro que supoña o cese da actividade presencial nunha aula, etapa educativa ou de todo o centro.

1.- ACTUACIÓNS PREVISTAS DIANTE DA APARICIÓN DUN ABROCHO

1. Non asistirán ó centro aqueles estudantes, docentes e outros profesionais que teñan síntomas compatibles con COVID-19, así como aqueles que se atopen en illamento por diagnóstico de COVID-19 ou en período de corentena domiciliaria por ter contacto estreito con algunha persoa con síntomas ou diagnosticada de COVID-19.

2. Diante dunha persoa que desenvolva síntomas compatibles con COVID-19 no centro educativo seguirase o protocolo de actuación do centro previamente elaborado:

- **Colocaráselle unha máscara cirúrxica, levaráselle á sala de Covid destinada ao efecto ata a recollida por parte da familia. Esta disporá de adecuada ventilación, xel hidroalcohólico e papeleira con tapa de pedal. Será necesario contactar coa persoa responsable do manexo da Covid-19 no centro educativo e cos familiares ou titores legais.**

- **A persoa que acompañe ao caso sospeitoso deberá levar o material de protección adecuado:**

- **Máscara cirúrxica**, se a persoa con síntomas a leva.



◦ De forma excepcional e no caso específico de que o/a alumno/a teña unha exención para o uso da máscara por xustificación médica ou é menor de 6 anos e non usa máscara, a persoa acompañante usará máscara FFP2 sen válvula (KN95), ademais dunha pantalla facial e unha bata desbotable. Na eventualidade de que non houberse dispoñibilidade de máscaras KN95, poderá utilizarse unha máscara cirúrxica xunto coa obrigatoriedade da utilización da pantalla.

Se coincidisen no tempo máis dun caso con sintomatoloxía compatible coa Covid-19, os restantes casos **agardarán acompañados por algunha persoa traballadora do centro educativo** de preferencia **nun lugar cuberto exterior ao edificio ou noutro lugar interior coa ventilación adecuada**. A persoa que utilice a FFP2 deberá estar formada na utilización dos equipos de protección individual e no seu refugallo. O centro contará cun stock deste material para as situacións nas que se requira para a atención dun caso sospeitoso.

3. Débese chamar ao centro de saúde de Atención Primaria de referencia ou ao teléfono de referenciado SERGAS e seguiranse as súas instrucións. En caso de presentar **síntomas de gravidade** ou dificultade respiratoria, **chamarase ao 061**. O/a traballador/a que inicie síntomas debe abandonar o seu posto de traballo protexido con máscara e logo seguir as instrucións do centro de saúde ata que a súa situación médica sexa valorada por un profesional sanitario.

4. No suposto da aparición dun caso, nun centro educativo tanto sexa do alumnado, profesorado ou persoal do centro, a persoa coordinadora do equipo formado na COVID-19, **a petición dos servizos de saúde** a través de EduCOVID, **incluírá na aplicación informática a información prevista** do eventual afectado/a relativa aos contactos estreitos, dos compañeiros/as afectados/as e do seu profesorado, así como de quen sexa persoa próxima vencellada ao centro educativo.



5. A familia dun/ha neno/a con sospeita de contaxio deberá solicitar unha consulta telefónica co seu pediatra para que este avalíe a necesidade de solicitude dun test diagnóstico.

6. Trala aparición dun caso diagnóstico da COVID-19 **seguiranse as recomendacións da Xefatura Territorial de Sanidade**, sendo posible que nun centro teña que estar illada unha parte do mesmo (aula ou grupo de aulas) mantendo o funcionamento do resto da forma habitual en función do número de contactos identificados en cada gromo.

7. **A autoridade sanitaria**, en coordinación coa Consellería de Educación, a través do Grupo de Coordinación e Seguimento da Pandemia, **determinará en cada caso o número de persoal e alumnado afectado e a duración das medidas de corentena** o que se comunicará ao equipo COVID do centro para a proceder a informar á comunidade educativa, sen prexuízo da información facilitada pola autoridade sanitaria.

8. A autoridade sanitaria, **en función do número de contaxios, poderá ordear o peche dunha aula, de varias, dunha etapa educativa ou do centro** na súa totalidade.

9. **A aparición dun contaxio sospeitoso con posterior confirmación é un suposto de declaración obrigatoria que implicará por parte da autoridade sanitaria, á obriga de entrada en corentena de polo menos 10 días a todas as persoas que teñan a consideración de contacto estreito.**

10. **A suspensión da actividade lectiva presencial suporá a aplicación das normas previstas no *Protocolo de Adaptación ao contexto da COVID-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2020-2021*, na**



*Resolución conxunta, do 2 de novembro de 2020, da Secretaría Xeral Técnica e da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional pola que se aproba o Plan de Continxencia ante peches de aulas ou centros educativos no contexto da COVID-19 nos centros de ensino non universitario sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia e na Resolución da Secretaría Xeral pola que se ditan instrucións para a elaboración de horarios nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2020-2021 para o desenvolvemento de ensino a distancia en períodos de peche de aulas ou centros como consecuencia da pandemia da COVID-19, en relación ó **ensino a distancia**.*

Aos efectos de determinación do nivel de risco, a autoridade sanitaria poderá volver a avaliar o paso ao nivel de riscos NR2 para os supostos de consideración de vulnerabilidade e de cualificación de persoal sensible.

2.-ACTUACIÓNS PARA O PERÍODO DE ACTIVIDADE LECTIVA NON PRESENCIAL.

11. **O ensino non presencial** será impartido polo profesorado ordinario do alumnado preferentemente **a través da Aula Virtual ou Entorno Virtual de Aprendizaxe (proxecto EDixgal presente no centro en 5º e 6º de Educación Primaria)** de cada grupo. O profesorado realizará o seguemento do alumnado impartindo os coñecementos da materia de xeito virtual a través dos contidos dispoñibles ben achegados polo profesorado ou ben os que poña a disposición a Consellería. Igualmente o/a mestre/a poderá poñer tarefas ao alumnado que reforcen o contido da materia ou a avaliación continua da mesma.

Polo tanto, **o centro educativo establecerá as medidas necesarias para garantir a continuidade do proceso educativo de xeito non presencial**. Para garantir esa continuidade, o centro **establecerá unha planificación horaria** de traballo do profesorado con cada un dos grupos. Este reflectirá o establecido no horario habitual (o que se desenvolve de modo presencial no centro), mantendo o vínculo co alumnado do xeito máis coherente posible tendo en conta o medio virtual no que se desenvolve, de



acordo co previsto na *Resolución do 2 de novembro de 2020, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional pola que se ditan instrucións para a elaboración de horarios nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2020-2021 para o desenvolvemento do ensino a distancia en períodos de peche de aulas ou centros como consecuencia da pandemia da COVID-19.*

O alumnado está obrigado a participar nas clases non presenciais con aproveitamento e sometido tamén ás normas de convivencia do centro independentemente da situación vivida. Polo tanto, a asistencia será motivo de control como se realiza nas actividades presenciais.

As tarefas para o alumnado asemellaranse o máis posible ao sistema presencial respectando o seu dereito ó lecer e ao descanso (tempo de recreo).

No *Anexo I* detállanse os horarios previstos para a actividade lectiva a través do modelo de ensino virtual de cada un dos grupos. Neles reflíctense as diferentes materias tendo en conta o currículo oficial e sesións para cada un das áreas, os períodos destinados á docencia virtual, ás tarefas do alumnado, o tempo de descanso (recreo) así como a atención ás familias.

12. O equipo COVID do centro identificará ao alumnado que teña dificultades de conexión ou falla de equipamento para que a Consellería adopte as medidas oportunas que minimicen as eventuais dificultades da educación realizada por medios telemáticos.

Para iso, a comezo do curso proporcionarase unha enquisa da situación do fogar neste eido. Os datos obtidos serán datos de carácter persoal e tomados seguindo a lei de protección de datos vixente (Anexo II). Esta información será arquivada no centro para poder ter os datos suficientes ante o marco dun ensino non presencial dunha aula, de varias ou de todo o centro educativo e procurar o modo máis axeitado de facer chegar o ensino ó fogar tentando facilitar os medios informáticos no caso de que sexan necesarios e na medida do posible.



[A enquisa estará dispoñible na web do centro en formato editable.](#) Unha vez cuberta, a familia poderá remitila a través do correo electrónico do centro ou ben presentándoa fisicamente na Secretaría do centro.

No caso de que se decretase o peche do centro, este :

- Comunicará dita situación á comunidade educativa no mesmo día a través de abalarMóbil e a través da web do centro.
- O profesorado habilitará na Aula Virtual do centro, os recursos e actividades iniciais e trasladará as orientacións ás familias (organización do horario lectivo, momentos de conexión, desenvolvemento da acción tutorial co alumnado, metodoloxía...). Os recursos poderanse combinar, remitíndose a materiais curriculares, fichas específicas, actividades en liña, materiais de creación propia do profesorado, recursos/actividades elaboradas dentro da propia Aula Virtual, entrega de tarefas...
- Garantirase en todo momento a atención á diversidade do alumnado. para o cal disporanse os recursos organizativos e didácticos necesarios que, con carácter individualizado, respondan ás súas necesidades.

A administración educativa garantizará o dereito á educación e á súa equidade. Para iso:

- O mesmo día do peche ou corentena, o equipo directivo afrontará cos recursos tecnolóxicos do centro.
- Unha vez atendidas estas necesidades iniciais, a dirección do centro trasladará con carácter de urxencia por correo electrónico, as necesidades ó/a inspector/a da zona. Este/a dará traslado aos servizos centrais para poder dar cobertura inmediata ás necesidades prioritarias e precisas para dar continuidade ó proceso educativo do alumnado do centro.



- Os equipamentos entregaranse no centro educativo que será o encargado e responsable da organización da entrega ás familias e posterior recollida ó remate do período de actividade non presencial.
- As familias deberán asinar un compromiso de cesión responsabilizándose do material así como do correcto uso do mesmo. Unha vez superado o peche ou período de confinamento do centro, este equipamento depositarase no centro no prazo máximo de 3 días.
- Unha vez repartidos os equipamentos e dispoñibles estes para as familias, organizarase unha reunión virtual nun horario que facilite a conexión das familias, no que se fará un repaso polo funcionamento da Aula Virtual e se resolverán dúbidas. Contemplarase reunións diferenciadas: unha para a etapa de Educación de Infantil, outra para 1º e 2º de Educación Primaria, e outra para os niveis de 3º a 6º de Educación Primaria.

13. Para cada caso concreto de suspensión da actividade lectiva presencial, a Consellería poderá adoptar as medidas oportunas en relación cos períodos ordinarios de avaliación do alumnado cando coincidan co tempo de suspensión da actividade no centro. Para levalas a cabo, teranse en conta a capacidade máxima de participantes das aplicacións aportadas pola Consellería para videoconferencias. De non pode soportar o número previsible de asistentes, realizaranse tantas convocatorias como foran necesarias.

14. **Durante o período de suspensión da actividade presencial**, o centro educativo ten previstas as seguintes medidas:

- **Manter o vínculo co grupo** que teña suspendida a súa presencialidade a través de colaboración en tarefas, conmemoracións e outras actividades do centro, independentemente do seu nivel educativo e/ou etapa.

- **Garantir a continuidade do ensino** empregando como ferramentas fundamentais e plataformas de ensinos as ferramentas corporativas facilitadas dende a Consellería de Educación, como é o emprego da Aula Virtual

(asociada á web do centro), plataforma de videoconferencia Cisco Webex ademais do contacto coas familias a través das canles xa establecidas como a aplicación Abalar Móbil, web do centro e blogue de Castrélix.

- **Nos niveis de 3º de educación Primaria ata 6º de primaria**, manterase o horario habitual do grupo, garantindo unha conexión mínima en tempo real (a través de docencia virtual a través de videoconferencia) dun 60% por materia. Dentro deste teranse en conta os tempos de cambio de sala virtual (cambios de clase que impliquen cambio de mestre que imparte)

- **Na etapa de Educación Infantil e nos dous primeiros cursos de Educación Primaria**, manterase o contacto con videoconferencias regulares e semanais, así como a carga lectiva de cada unha das materias para garantir e non interromper o proceso de ensino aprendizaxe do alumnado deste niveis.

- **Contactar a diario co alumnado a través dos diferentes docentes e coas súas familias** a través das diferentes canles de comunicación (vía telefónica, Abalar Móbil, mensaxería da Aula Virtual e/ou plataforma EVA, videoconferencia e/ou correo do centro).

- **Revisar o plan de adaptación ao COVID do centro así como a documentación** previamente elaborada en relación a este co fin de detectar eivas, promover melloras e/ou corrixir aqueles aspectos que o precisen.

- Realizar unha **desinfección profunda** do centro e se é preciso, limitar os movementos e/ou manipulacións dentro del

- **Coordinar o profesorado implicado** para manter a actividade lectiva.

- **Organizar as fases para a posterior reactivación da actividade lectiva presencial.**

3.-MEDIDAS PARA O REINICIO DA ACTIVIDADE LECTIVA PRESENCIAL

15. **Finalizado o período de peche presencial** da aula, etapa ou centro educativo, realizarase un **proceso de reactivación por fases** para o reinicio da actividade lectiva.



As fases establecidas para a reactivación posúen un carácter orientativo existindo a posibilidade de modificar tanto a súa duración como a porcentaxe do alumnado incluído en cada fase. O modelo a aplicar correspóndelle á Consellería de Educación co asesoramento da Consellería de Sanidade.

Sen prexuízo das medidas xenéricas establecidas no Protocolo de referencia, o CEIP Plurilingüe de Castrelo ten previstas as seguintes fases de reincorporación:

➤ **Fase 1 (adecuación de espazos).**

- Duración: recoméndase unha temporalización dunha semana
- Acción: o equipo COVID establecerá as actuacións a desenvolver en colaboración coas autoridades sanitarias.
- Obxectivos:
 - Analizar de situación dos espazos e necesidade
 - Adecuar a distribución do espazo do alumnado (pupitres a máis dun metro entre eles)
 - Redefinir os circuítos de circulación interna
 - Reorganizar as quendas de recreo (realizaranse de modo graduado)

➤ **Fase 2 (Formación de pequenos grupos)**

- Duración: 1 semana
- A porcentaxe do alumnado que acudirá de modo simultáneo na aula será do 30%.
- Obxectivos:
 - Formar ao alumnado na importancia das medidas de distanciamento físico, utilización de máscara e hixiene de mans.
 - Definir uns obxectivos/indicadores concretos que deben ser cumpridos pola aula para pasar de fase.



- Informar ao alumnado das novas normas derivadas da pandemia do COVID-19: utilización dos espazos, circulación do alumnado polos corredores do centro, formación nas medidas de distanciamento físico no recreo.

➤ **Fase 3 (Reforzo das medidas aprendidas en pequenos grupos)**

- Duración: entre tres xornadas lectivas e 1 semana.
- A porcentaxe do alumnado simultaneamente na aula será do 60%.
- Obxectivos:
 - Continuar formando ao alumnado nas medidas de hixiene e distanciamento social cun grupo máis numeroso (reforzar as normas aprendidas na fase 2)
 - Establecer de modo claro os criterios de entrada e saída do alumnado de modo progresivo.

➤ **Fase 4 (fase de reactivación)**

- Duración: entre dúas xornadas lectivas e 1 semana.
- A totalidade do alumnado estará de modo simultáneo na aula se é posible manter dentro da aula 1 metro de distancia física. O alumnado debe coñecer as medidas necesarias a manter en período de pandemia.
- Obxectivos:
 - Reforzar e manter os hábitos aprendidos.
 - Dispoñer en puntos estratéxicos información visual clara para o alumnado.
 - O tempo de recreo será realizado en 2 ou 3 quendas.

ANEXO I : PLANIFICACIÓN HORARIA POR GRUPOS

HORARIO 4º EDUCACIÓN INFANTIL (3 ANOS)

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
9:00-11:30h.	TITORÍA	TITORÍA	TITORÍA	TITORÍA	TITORÍA
11:30-12:10h.	Tempo de recreo	Tempo de recreo	Tempo de recreo	Tempo de recreo	Tempo de recreo
12:10-13:05h.	PSICOMOTRICIDADE				
13:05-14:00h.	RELIXIÓN / ALTERNATIVA	INGLÉS		MÚSICA	
17:00-18:00h.		TITORÍAS COAS FAMILIAS * cita previa			

** O horario recolle a proposta diaria para realizar co alumnado.*

** No caso de darse a situación de ensino virtual por peche ou confinamento, dende a titoría aportarase a información para poder manter o desenvolvemento académico (como se realizarán videoconferencias, propostas de actividades...)*

HORARIO 5º EDUCACIÓN INFANTIL (4 ANOS)

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
9:00-11:30h.	TITORÍA	TITORÍA	TITORÍA	TITORÍA	TITORÍA
11:30-12:10h.	Tempo de recreo	Tempo de recreo	Tempo de recreo	Tempo de recreo	Tempo de recreo
12:10-13:05h.		INGLÉS	PSICOMOTRICIDADE		
13:05-14:00h.	MÚSICA	RELIXIÓN / ALTERNATIVA			
17:00-18:00h.		TITORÍAS COAS FAMILIAS* cita previa			

* O horario recolle a proposta diaria para realizar co alumnado.

* No caso de darse a situación de ensino virtual por peche ou confinamento, dende a titoría aportarase a información para poder manter o desenvolvemento académico (como se realizarán videoconferencias, propostas de actividades...)

HORARIO 6º EDUCACIÓN INFANTIL (5 ANOS)

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
9:00-11:30h.	TITORÍA	TITORÍA	TITORÍA	TITORÍA	TITORÍA
11:30-12:10h.	Tempo de recreo	Tempo de recreo	Tempo de recreo	Tempo de recreo	Tempo de recreo
12:10-13:05h.		RELIXIÓN / ALTERNATIVA		INGLÉS	PSICOMOTRICIDADE
13:05-14:00h.				MÚSICA	
17:00-18:00h.		TITORÍAS COAS FAMILIAS* cita previa			

* O horario recolle a proposta diaria para realizar co alumnado.

* No caso de darse a situación de ensino virtual por peche ou confinamento, dende a titoría aportase a información para poder manter o desenvolvemento académico (como se realizarán videoconferencias, propostas de actividades...)



HORARIO 1º EDUCACIÓN PRIMARIA

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
9:00 - 9:55h.	LENGUA (conexión)	INGLÉS (tarefas)	LINGUA (conexión)	MÚSICA (conexión)	CIENCIAS NATURAIS (tarefas)
9:55 - 10:50h.	E.F. (tarefas)	RELIXIÓN / VSC (conexión quincenal)	MATEMÁTICAS (tarefas)	CIENCIAS SOCIAIS (tarefas)	LENGUA (tarefas)
10:50-11:40h.	CIENCIAS SOCIAIS (conexión)	MATEMÁTICAS (conexión)	E.F. (conexión quincenal)	CIENCIAS NATURAIS (tarefas)	INGLÉS (conexión)
11:40–12:10h.	Tempo de recreo	Tempo de recreo	Tempo de recreo	Recreo VIRTUAL (conexión)	Tempo de recreo
12:10-13:05h.	MATEMÁTICAS (tarefas)	MATEMÁTICAS (tarefas)	LENGUA (tarefas)	LINGUA (tarefas)	MATEMÁTICAS (tarefas)
13:05-14:00h.	LENGUA (tarefas)	LINGUA (tarefas)	LINGUA (tarefas)	PLÁSTICA (conexión 30')	CIENCIAS SOCIAIS (tarefas)
17:00-18:00h.	TITORÍAS COAS FAMILIAS* cita previa				

HORARIO 2º EDUCACIÓN PRIMARIA

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
9:00 - 9:55h.	LINGUA (conexión)	RELIXIÓN / VSC (conexión quincenal)	MÚSICA (conexión)	INGLÉS (tarefas)	MATEMÁTICAS (conexión)
9:55 - 10:50h.	CIENCIAS SOCIAIS (conexión)	MATEMÁTICAS (conexión)	INGLÉS (conexión)	CIENCIAS NATURAIS (conexión)	LINGUA (conexión)
10:50-11:40h.	MATEMÁTICAS (tarefas)	E.F. (tarefas)	LENGUA (conexión)	LENGUA (conexión)	E.F. (conexión quincenal)
11:40-12:10h.	Tempo de recreo	Tempo de recreo	Tempo de recreo	Tempo de recreo	Tempo de recreo
12:10-13:05h.	RELIXIÓN / VSC (tarefas)	LINGUA (tarefas)	MATEMÁTICAS (tarefas)	MATEMÁTICAS (tarefas)	CIENCIAS NATURAIS (tarefas)
13:05-14:00h.	LENGUA (tarefas)	LENGUA (tarefas)	CIENCIAS SOCIAIS (tarefas)	LINGUA (tarefas)	PLÁSTICA (conexión 30')
17:00-18:00h.		TITORÍAS COAS FAMILIAS* cita previa			



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

CEIP *plurilingüe* DE CASTRELO

A Bouza 96, Castrelo - Cambados C.P. 36639 (Pontevedra)
Teléfono: 886 151 171 Fax: 886 151 175 E-mail: ceip.castrelo@edu.xunta.es
http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipdecastrelo/

HORARIO 3º EDUCACIÓN PRIMARIA

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
9:00 - 9:55h.	RELIXIÓN (conexión)	LENGUA (conexión)	LENGUA (conexión 30')	CIENCIAS NATURAIS (conexión)	INGLÉS (conexión)
9:55 - 10:50h.	MÚSICA (conexión)	CIENCIAS SOCIAIS (conexión)	MATEMÁTICAS (conexión)	MATEMÁTICAS (conexión)	MATEMÁTICAS (conexión 30')
10:50-11:40h.	LENGUA (conexión)	MATEMÁTICAS (tarefas)	CIENCIAS NATURAIS (conexión 30')	PLÁSTICA (conexión 30')	CIENCIAS SOCIAIS (conexión)
11:40-12:10h.	Tempo de recreo	Tempo de recreo	Tempo de recreo	Tempo de recreo	Tempo de recreo
12:10-13:05h.	CIENCIAS SOCIAIS (tarefas)	LINGUA (conexión)	LINGUA (conexión 30')	E.F. (conexión 30')	LENGUA (tarefas)
13:05-14:00h.	E.F. (conexión 30')	INGLÉS (conexión 30')	INGLÉS (tarefas)	LINGUA (conexión)	LINGUA (tarefas)
17:00-18:00h.	TITORÍAS COAS FAMILIAS* cita previa				



HORARIO 4º EDUCACIÓN PRIMARIA

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
9:00 - 9:55h.	MATEMÁTICAS (conexión)	LENGUA (conexión)	LINGUA (conexión)	E.F. (conexión 30')	MATEMÁTICAS (conexión)
9:55 - 10:50h.	INGLÉS (tarefas)	MATEMÁTICAS (conexión)	CIENCIAS NATURAIS (conexión 30')	MÚSICA (conexión)	LENGUA (conexión 30')
10:50-11:40h.	RELIXIÓN / VSC (conexión)	LINGUA (conexión)	ROBÓTICA (conexión 30')	MATEMÁTICAS (tarefas)	PLÁSTICA (conexión 30')
11:40-12:10h.	Tempo de recreo	Tempo de recreo	Tempo de recreo	Tempo de recreo	Tempo de recreo
12:10-13:05h.	LENGUA (conexión)	INGLÉS (conexión 30')	CIENCIAS SOCIAIS (conexión 30')	INGLÉS (conexión)	LINGUA (conexión 30')
13:05-14:00h.	CIENCIAS SOCIAIS (conexión)	E.F. (conexión 30')	LENGUA (tarefas)	CIENCIAS NATURAIS (conexión)	LINGUA (tarefas)
17:00-18:00h.	TITORÍAS COAS FAMILIAS* cita previa				



HORARIO 5º EDUCACIÓN PRIMARIA

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
9:00 - 9:55h.	E.F. (conexión 30')	LENGUA (conexión)	LENGUA (conexión)	PLÁSTICA (conexión 30')	MATEMÁTICAS (conexión)
9:55 - 10:50h.	MATEMÁTICAS (conexión)	INGLÉS (tarefas)	MATEMÁTICAS (conexión)	LENGUA (conexión 30')	MÚSICA (conexión)
10:50-11:40h.	INGLÉS (conexión 30')	RELIXIÓN / VSC (conexión)	LINGUA (conexión)	INGLÉS (conexión)	CIENCIAS SOCIAIS (conexión)
11:40-12:10h.	Tempo de recreo	Tempo de recreo	Tempo de recreo	Tempo de recreo	Tempo de recreo
12:10-13:05h.	CIENCIAS NATURAIS (conexión)	LINGUA (conexión)	E.F. (conexión 30')	MATEMÁTICAS (tarefas)	LINGUA (conexión 30')
13:05-14:00h.	LINGUA (tarefas)	CIENCIAS SOCIAIS (conexión 30')	MATEMÁTICAS (tarefas)	CIENCIAS NATURAIS (conexión 30')	LENGUA (tarefas)
16:00-17:00h.	TITORÍAS COAS FAMILIAS* cita previa				

HORARIO 6º EDUCACIÓN PRIMARIA

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
9:00 - 9:55h.	INGLÉS (conexión 30')	MATEMÁTICAS (tarefas)	MATEMÁTICAS (conexión)	MATEMÁTICAS (conexión)	PLÁSTICA (conexión 30')
9:55 - 10:50h.	RELIXIÓN / VSC (conexión)	CIENCIAS SOCIAIS (conexión)	LENGUA (conexión)	LINGUA (conexión)	E.F. (conexión 30')
10:50-11:40h.	LENGUA (conexión)	LINGUA (conexión)	INGLÉS (conexión)	CIENCIAS SOCIAIS (conexión)	MATEMÁTICAS (tarefas)
11:40–12:10h.	Tempo de recreo	Tempo de recreo	Tempo de recreo	Tempo de recreo	Tempo de recreo
12:10-13:05h.	MATEMÁTICAS (conexión)	E.F. (conexión 30')	MÚSICA (conexión)	ROBÓTICA (conexión 30')	CIENCIAS NATURAIS (conexión)
13:05-14:00h.	LINGUA (tarefas)	LENGUA (tarefas)	CIENCIAS SOCIAIS (tarefas)	INGLÉS (tarefas)	CIENCIAS NATURAIS (conexión)
17:00-18:00h.		TITORÍAS COAS FAMILIAS* cita previa			



ACLARACIÓNS DOS HORARIOS DOS GRUPOS DE EDUCACIÓN PRIMARIA

- As aulas de primaria manterán a carga lectiva de cada unha das materias.
- As horas sinaladas con conexión son para a manter docencia directa co alumnado en tempo real (videoconferencias). De 3º a 6º de Educación Primaria estas sesións son de carácter obrigatorio.
- Diariamente o profesorado manterá o control de asistencia ó igual que o fai no centro. No caso de non poder conectarse e/ou ter problemas coa conexión, deberá informar no menor tempo de prazo posible ó/á titor/a.
- As sesións sinaladas co termo “tarefa” tras unha materia, significa que dentro da Aula Virtual e/ou Plataforma EVA (5º e 6º) terán actividades a realizar para ser correxidas polo profesorado correspondente.
- Cada materia conectarase a través da sala persoal do mestre ou especialista correspondente. Para iso facilitaranse as indicacións na parte superior da Aula Virtual de referencia.
- Terase en conta un tempo para poder desconectarse dunha sesión e poder contactar coa seguinte no caso de ter un cambio de sala de mestre.
- O tempo de recreo respectarase ó igual que se realiza no centro.
- Para a realización de titorías coas familias, deberase concertar cita previa co/a titor/a ou especialista a través, preferentemente, da aplicación Abalar Móbil. A vía máis aconsellable, de darse o caso do ensino virtual, sería a realización destas mediante videoconferencia (empregarase a facilitada pola Consellería de Educación).

ANEXO II. ENQUISA DE MEDIOS TELEMÁTICOS NOS FOGARES

Ante a posibilidade da existencia dun brote no centro educativo e co fin de minimizar o impacto no/a seu/súa fillo/a, rogamos cubran esta enquisa. Poden remitila ó correo do centro (ceip.castrelo@edu.xunta.gal) ou, no caso de estar impresa, deixala ao titor/a ou a calquera membro do equipo directivo. Moitas grazas pola súa colaboración.

NOME DO/A ALUMNO/A				
AULA (NIVEL)				
SINALE OS DISPOSITIVOS DOS QUE CONTA NO FOGAR (marque no recadro)				
TELEVISIÓN INTERACTIVA (SMART TV)	ORDENADOR	TABLET	MÓBIL	OUTRO (especificar)
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
CONTA CON IMPRESORA NO FOGAR? (marque no recadro)		SI	NON	
		<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	
CONTA NO FOGAR CON CONEXIÓN A INTERNET (WIFI)?		SI	NON	
		<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	
CONTA CON DATOS MÓBILES? (no seu teléfono)	SI, sen límites	Si, pero son datos limitados	NON	
	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	
COÑECE O FUNCIONAMENTO DA AULA VIRTUAL?	SI	Si, pero con dificultade	NON	
	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	
NO CASO DE TER QUE ENVIAR Ó/Á TITOR/A TRABALLOS REALIZADOS PARA A CASA, SABERÍA EMPREGAR... (marcar unha ou varias canles)				
AULA VIRTUAL-PLATAFORMA EVA (envío de tarefas)	CORREO ELECTRÓNICO	MENSAXERÍA INSTANTÁNEA (Whats app)	OUTROS	
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	
SINALE UNHA FRANXA HORARIA ORIENTATIVA PARA PODER REALIZAR VIDEOCHAMADAS NO CASO DE SER PRECISAS (por exemplo, entre as 12:00 e as 15:00)				

Poderá exercer en todo momento os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición mediante solicitude escrita dirixida á Dirección do centro. (dacordo coa Lei de Protección de Datos, Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro)